



ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEGAR 2018
PARA A ELECCIÓN DE PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA
CELEBRADA EN: SANTIAGO O 15 DE DECEMBRO DE 2018.
ACTA Nº 2/2018

No Salón de Actos "GALICIA" do Hotel "HUSA - SANTIAGO", da localidade de Santiago de Compostela e sendo as 11,00 horas do día 15 de decembro de 2018 e en segunda convocatoria e de acordo có establecido no Calendario Electoral coa presenza do Presidente e Secretario da Xunta Electoral da Federación Galega de Remo e a asistencia do Presidente da Comisión Xestora, D. Manuel Gantes Franco, celébrase a Asemblea Xeral Extraordinaria.

Toma a palabra o Presidente da Xunta Electoral D. Anxo Blanco Núñez para proceder a dar cumprimento ó establecido na Orde do Día da Asemblea Extraordinaria para a Elección de Presidente e membros da Comisión Delegada, e por conseguinte se procede a cumprir có establecido na devandita orde do Día que queda como segue:

ORDE DO DÍA

1º.- Constitución da Asemblea Xeral da Federación Galega de Remo.-

En cumprimento do establecido no Artº. 33.1 do Regulamento Electoral e unha vez acreditados os membros electos da nova Asemblea Xeral asistentes, procédese a súa constitución, sendo o número total de asistentes de 18, segundo a relación que se detalla:

ESTAMENTO: Entidades Deportivas

- 1 C. R. Robaleira (Dª. Mª Luz Coballes Fernández)
- 2 C. R. Olímpico do Mandeo (Dª. Mª del Carmen Mesías Paz)
- 3 S. D. Samertolameu (D. Lisardo Pérez Villaverde)
- 4 C. R. Cabo De Cruz (Dª. Manuela Places Fungueiriño)
- 5 C. R. Narón (D. Martín Martínez Pérez)
- 6 C. R. Virxen da Guia (D. José Ángel Barciela Meijide)
- 7 C. R. Meira (D. Manuel González Santos)
- 8 S. D. Tirán (D. Jaime Boubeta Núñez)
- 9 A. D. Esteirana de Remo (D. José Manuel Saborido Núñez)

ESTAMENTO: Deportistas

- 10 D. Ismael Alonso Domínguez
- 11 D. Jose Luis Macey Portela

ESTAMENTO: Técnicos

- 12 Telesforo Abal Juncal
- 13 Arturo Abruñedo Fernández
- 14 Manuel Juan Landeira Serantes

ESTAMENTO: Xuíces-Árbitros

- 15 María José Bermúdez Herbello
- 16 Paloma Aurora Carpena Iglesias
- 17 Franco Cobas González
- 18 Senén Martíns González



2º.- Elección da Mesa Electoral

E de acordo có disposto no Artº. 33.1 do Regulamento Electoral da FEGAR, “A sesión constitutiva da Asemblea Xeral será presidida pola Mesa Electoral que se constituía segundo o disposto no Artº. 17 do Regulamento Electoral”.

Polo que atendendo ó establecido no Artº. 17-2,3 do Regulamento Electoral, “A Mesa Electoral estará composta por tres membros: unha Presidencia, unha Secretaría e unha Vogal, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os membros da Asemblea Xeral. Ostentará a Presidencia e a Secretaría os membros de maior e menor idade desta Mesa Electoral, respectivamente”.

Atendendo ó anteriormente citado, constitúese a Mesa Electoral, quedando formada como segue:

Presidente/a: José Manuel Saborido Núñez (A. D. Esteirana) (idade: 58)

Secretario/a: José Luis Macey Portela (Deportista) (idade: 44)

Vogal: Jaime Boubeta Núñez (S. D. Tirán) (idade: 55)

3º.- Elección de Presidente da Federación Galega de Remo.-

Ó presentarse unha soa Candidatura á Presidencia, non se efectuará votación, segundo o disposto no Artº. 33.6 do Regulamento Electoral, polo que queda proclamado provisionalmente como Presidente da Federación Galega de Remo, **D. JOSÉ MANUEL SEIJAS GALÁN.**

4º.- Elección a membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Remo.-

Téndose presentado as Candidaturas Únicas que a continuación se detallan:

* Polo Estamento de Entidades Deportivas (Clubs).

1- S. D. Samertolameu

2- C. R. Chapela

3- C. R. Robaleira

Polo que sendo Únicas Candidaturas presentadas á Comisión Delegada da FEGAR polo Estamento de Clubs, procede, conforma ó disposto no Artº. 34.3 do Regulamento Electoral, a súa proclamación provisional, sen necesidade de efectuar votación segundo o Artº. 33.6 do Regulamento Electoral.

* Polo Estamento de Deportistas, Técnicos e Xuíces-Árbitros.

De igual modo, presentándose D. Lázaro Jacobo Gayo Ríos polo Estamento de Deportistas, D. Arturo Abruñedo Fernández polo Estamento de Técnicos, e Dª Paloma A. Carpente Iglesias polo Estamento de Xuíces-Árbitros, as únicas Candidaturas á Comisión Delegada da FEGAR, para os Estamentos de Deportistas, Técnicos e Xuíces-Árbitros, procede, conforme ó Artº. 34.3 do Regulamento Electoral, a súa proclamación provisional como membros da Comisión Delegada, sen necesidade de efectuar votación.



* Respecto ós tres membros restantes da Comisión Delegada, o seu nomeamento, conforme o Artº. 34.2 do Regulamento Electoral, corresponde ó Presidente Titular da Federación, de maneira que, unha vez resulte proclamado de maneira definitiva, procederá á designación de eses tres membros.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 11:20 horas do día indicado ó inicio, remitindo esta Acta á Xunta Electoral para a proclamación definitiva de Presidente e membros da Comisión Delegada transcorridos os prazos de presentación da posibles recursos e resultos éstos.

Pola Mesa Electoral,

O Presidente,

X. Manuel Saborido Núñez

O Secretario,

José L. Macey Portela

O Vogal,

Jaime Boubeta Núñez

Pola XUNTA ELECTORAL

O Presidente,

Fdo.: Anxo Blanco Nuñez

O Secretario,

Fdo.: Manuel Iglesias González